

Convocatoria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente para o día 22 de outubro de 2020, ás 17.30 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, debe realizar sesión ordinaria os xoves da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente en sesión **ordinaria**, para o **día 22 de outubro de 2020**, ás 17.30 horas, coa seguinte orde do día:

1. 2020/44N/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de setembro de 2020.

2. 2019/9207D PRESIDENCIA

Aprobación da segunda addenda modificativa do convenio de colaboración entre a C.H. do Miño-Sil OA, a Deputación de Ourense e o Concello de Vilamarín para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras de mellora do tratamento na EDAR do Parque empresarial de Vilamarín, no Concello de Vilamarín (Ourense).

3. 2019/11215B PRESIDENCIA

Aprobación da segunda addenda de modificación do convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil OA, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Veiga, para o financiamento, execución e entrega para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto de acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e

Baños, na Veiga (Ourense).

4. 2020/26561N PRESIDENCIA

Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense.

5. 2020/26666W PRESIDENCIA

Modificación da Ordenanza fiscal para o establecemento e regulación das taxas pola prestación dos servizos de pesada e báscula industrial e punto de almacenamento temporal de residuos de construción e demolición no complexo medioambiental da Baixa Limia, de titularidade do Concello de Muíños.

6. MOCIÓN DE URXENCIA.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.